

Tras meses de formación na Refinería da Coruña

## **A SEGUNDA PROMOCIÓN DE FP DUAL FINALIZA O SEU PRIMEIRO CURSO EN REPSOL**

- **O ciclo de grao superior de Química Industrial combina a aprendizaxe no IES A Sardiñeira con formación práctica nas instalacións do complexo industrial.**
- **Para Repsol e a súa Refinería na Coruña é fundamental o papel da FP no desenvolvemento formativo e na inserción laboral dos mozos, sendo máis do 50% dos traballadores do complexo industrial titulados en estudos de Formación Profesional.**

Os alumnos da II promoción de FPdual de Química Industrial finalizaron o seu primeiro curso 2015/2016. Este ciclo de grao superior de dous cursos combina a aprendizaxe no IES A Sardiñeira con formación e traballo efectivo nas instalacións da Refinería da Coruña, en virtude ao Convenio de colaboración entre Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Esta segunda promoción chegou ao Complexo industrial a finais de febreiro, polo que estiveron 120 días realizando a súa formación, tanto en aula como nas instalacións, incidindo ademais de en os procesos de refino, en aspectos fundamentais como son a seguridade e o medio ambiente.

O próximo ano volverán realizar as prácticas de novo na Refinería para terminar o segundo curso e completar así o seu Ciclo Superior de Química Industrial.

### **Convenio de FP Dual**

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, e o director da Refinería de Repsol na Coruña, Luís Felipe Llamas, asinaron en maio de 2015 a renovación do convenio de colaboración polo cal empresa e administración continuarán o Proxecto de Formación Profesional Dual na área da Coruña durante os cursos académicos 2015-2016 e 2016-2017.

Esta experiencia ten unha duración de 3.412 horas, ao longo de 2 cursos. Delas, 1.619 son de formación, das que 1.590 corresponden á formación curricular que

permitirá ao alumnado obter o título de formación profesional (1.052 horas impartiranse no IES A Sardiñeira e as outras 538 horas de formación curricular completaranse na empresa), e 29 horas corresponderán a formación complementaria propia da empresa, adicional á establecida no currículo do ciclo. Ademais e como principal feito a destacar, o alumnado realizará un total de 1.793 horas de traballo efectivo que será remunerado a través do Programa de Bolsas Formación Profesional Dual.

## **A Refinería e a Formación Profesional**

A FP Dual supón, ademais dun beneficio engadido para os estudantes, unha oportunidade para as empresas, xa que desta forma, a compañía pode formar a futuros profesionais, dándolles coñecementos específicos axustados ás necesidades reais do sector en Galicia.

Para Repsol e a súa Refinería na Coruña é fundamental o papel da FP no desenvolvemento formativo e na inserción laboral dos mozos, sendo máis do 50% dos traballadores do Complexo Industrial titulados en estudos de Formación Profesional.

Deste xeito, están a levarse a cabo distintas actuacións para o impulso da FP en Galicia, tanto para a impartición de cursos, como para a realización de prácticas. Hai 13 anos que a Refinería impulsou a creación e o desenvolvemento do Ciclo Superior de Industrias de Proceso Químico (actualmente Química Industrial), que se imparte no Instituto A Sardiñeira. E este ano cúmprese a 6ª edición do programa de Bolsas de Repsol e a súa Fundación para alumnos de FP que cursan os seus estudos nos concellos da Coruña e Arteixo.